

## PLAN DE ACOLLIDA AO NOVO PROFESORADO:

IES A Xunqueira I.

### 1. Xustificación:

Ante a incorporación de novos profesores ao noso claustro, considérase axeitado deseñar un Plan de Acollida para acadar unha mellora na integración e na realización das funcións docentes. Polo que entendemos importante que o Plan de Acollida forme parte do plan para a mellora da convivencia dentro do noso proxecto educativo de centro.

### 2. Obxectivos:

- 2.1. - Informar dos espazos do centro.
- 2.2. - Informar do horario do profesor.
- 2.3. - Informar dos procedimentos do centro.
- 2.4. - Informar dos recursos que dispón o centro.
- 2.5. - Informar da localización do centro e deste xeito facilitar información das posibilidades de estancia na cidade máis axeitadas pola súa proximidade, polo seu custo e pola duración do seu contrato.

Informar, se o contrato é de menos de 15 días, das inmobiliarias máis recoñecidas, e, se o contrato é de longa, da duración ou da interinidade.

(Ver Anexo I)

- 2.6. - Procurar a integración do novo equipo docente, tanto en relacións sociais coma laborais.
- 2.7. - Facilitar o acceso á aula virtual do centro para consultar toda a documentación.

### 3. Responsables:

Para levar a termo este Plan de Acollida establecerase unha comisión de benvida que pode ser renovada por un tempo a acordar cando se aprobe este plan no Claustro.

Entendemos que esta comisión no debería estar formada por menos de dous membros nin máis de catro. E ademais un deses membros debe pertencer ao equipo directivo.

A elección dos membros da comisión de benvida, podería facerse ao chou no caso de que non houberse ningunha participación voluntaria.

#### 4. Actuacións:

Neste punto propomos algunhas das orientacións xerais para o equipo de benvida, de cara a acoller e informar os novos membros do Claustro.

- 4.1.- O horario e a localización das aulas para impartir docencia.
- 4.2.- Outras aulas ou espazos importantes: informática, biblioteca, música e ximnasio.  
A biblioteca ademais actúa coma sala de xuntas para as CCPs.
- 4.3.- Os documentos do centro poden atoparse na aula virtual.
- 4.4.- Situación dos materiais para Educación Física, laboratorio...
- 4.5.- Localización dos patios para os recreos.
- 4.6.- Localización da conserxaría e formalización da petición de fotocopias.
- 4.7.- O centro dispón de dúas portas de entrada: Dianteira ou principal e traseira auxiliar.
- 4.8.- Se fose necesario, pediríase aos conserxes a copia das distintas chaves do centro, de cara ao emprego de espazos e materiais que sexan necesarios.
- 4.9.- Existencia de distintos grupos de traballo.
- 4.10.- Funcionamento do timbre.
- 4.11.- O grupo de whatsapp no que se vai dando aviso das datas para claustros e outras actividades.
- 4.12.- O acceso ás plataformas informáticas que xestionamos desde o centro: correo  
Edu.xunta, correo do centro para aula virtual, sixa, etc.

#### 5. Seguimento e avaliación:

No momento da incorporación dos novos docentes, os responsables da comisión de benvida levan a cabo as actuacións anteriormente ditas para acadar os obxectivos propostos.

Para que a finalidade deste plan sexa o máis efectiva posible, faranse a seguintes actuacións:

1. Un seguimento que revise a satisfacción do novo profesorado ao longo do curso; podendo propor a realización dun cuestionario.
2. Observación para comprobar a adaptación dos docentes ao centro.
3. Finalmente, unha avaliación dos resultados das dúas accións anteriores, que se recollerán coma propostas de mellora para axudar á revisión deste plan.



Anexo I:

Para facilitar a acollida do novo profesorado, relatamos dous modelos de estancia na cidade de Pontevedra, que ben poden servir para pernoctas para unha breve temporada ou para unhas pernoctas ata atopar un alquiler.

Unha pensión próxima ao noso Ies, básica, de custo barato pero permite vir ao Ies camiñando:

***Pensión Stª Clara. Rúa Santa Clara, 31. 36002, Pontevedra.***

Un hotel un pouco máis lonxe e máis caro, pero moi bo na súa relación calidade/custo. O seu único inconveniente son os 3 Kms que dista do nosos Ies, co cal deberíase coller o coche ou estar disposta a pasear:

***Hotel Don Pepe \*\*.*** Avda A Barca, 24. Poio.



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO DE EDUCACIÓN  
SECUNDARIA  
A XUNQUEIRA I



Alexandre Bóveda s/n  
36005 Pontevedra  
Tfno.- 886159721



Xacobeo 21-22



Unión Europea  
Fondo Europeo de Desarrollo Regional  
Creando oportunidades

galicia



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO DE EDUCACIÓN  
SECUNDARIA  
A XUNQUEIRA I



Alexandre Bóveda s/n  
36005 Pontevedra  
Tfno.- 886159721



Xacobeo 21-22



Unión Europea  
Fondo Europeo de Desarrollo Regional  
Iniciativa de Empleo Juvenil  
Ayuda a la creación de empleos jóvenes

galicia